

Belén de Begonte López Alegría



Figuras dun Belén Electrónico de Begonte

Aep

Fuco de Cambria

Non era un drogadicto. Atopábase no vieiro de selo, pois de cando en cando acostumaba a “picarse”.

Sen darse conta xa estaba pisando o limiar desde terrorífico túnel que leva cara á anulación e á aniquilación de todo aquel que se propoña penetrar dentro da súa monstruosa oscuridade destructora.

Tiña 28 anos de idade e estaba casado. Do seu matrimonio non había froito, porque a vida, moitas veces, atranca camiños, escamotea desexos e nega ilusións e esperanzas. ¡Así é o latexar da existencia humán!

A subsistencia cotián cubríana ámbolos dous coas prestacións que a el lle pagaba o paro e que eran tan insignificantes que semellaban máis a un insulto limosneiro que a unha axuda

para poder vivir. María, a súa muller, que tiña 25 anos, non quería pararse a lembrar aqueles tempos pasados da súa nenez e da súa adolescencia nas que fora feliz rodeada do agarimo de tódolos seus. Ela traballaba como asistente dunha familia para contribuir así o sostén do seu fogar co soldo que gañaba cada semana.

Mágoas, necesidades e doenzas eran os cotiáns compañeiros de Pepe e de María. O volcán da miseria ameazaba en todo intre con abrir o seu enfurecido cráter para vomitar inxentes cantidades riba de tan xoven matrimonio. Por iso, él coidaba que a droga era algo que lle axudaba a meterse naquel furaco mouro que acubillaba, momentaneamente, tanto dor e tanta tristeza.

Pepe e María foran moi estimados —e aínda o son— no medio social do que ámbolos

dous procedían. Un medio no cal os valores humáns, a moral cristiana e unha dereita conducta cívica eran consubstanciais no cotián vivir das súas familias.

El había estudiado informática. Ela presentárase a unhas oposicións da Administración Pública do Estado. A ningún dos dous a sorte lles axudou para estabiliza-la súa existencia cun emprego que lles sirvise, así, coma uns cimentos que sostivesen o edificio daquel fogar que non facía tanto tempo comenaran a erguer coa ilusión de súa esplendorosa xuventude.

Foran crentes na Fe de Xesucristo e polo mesmo católicos practicantes. Agora tiñan murchos os sentimentos espirituais e sentíanse portadores da derrota máis implacable, arrepiante e chea de impiedade que desfixo (eso crian) todo amencer, toda

luz, e toda esperanza coma a que denantes alumaba nas súas almas.

Nun serán docemente frío do mes do Nadal, nun día cun sol tímido que se amosaba de pouco en pouco por entre unhas brancas e esponxosas nubes, atopáronse de súpeto con Gabriel e con Ana, nunha das rúas da cidade. Aqueles amigos da nenez, entrañables compañeiros dos tempos de estudantes, saudáronos cheos de cordialidade e contáronse, logo, moitas cousas dos tempos idos e das voltas que da á vida de cadaquén.

Gabriel, home bó e xeneroso, fixolles unha proposición para facer unha viaxe. “¿Por qué non vides con nos —díxolles a Pepe e a María— a ve-lo Belén Electrónico de Begonte? Saímos cara aló dentro dun chisco. Sobre as seis e media pouco máis ou

menos. Témolos coche ahí, no aparcamento subterráneo. ¡Veña! Animádevos e vamos aló”...

E así o fixeron.

Entre unha cousas e outras chegaron sobre as oito da noite. Baixáronse do coche xa o velo noctego tapaba toda a vila begontiña. Camiñaron, así, coma cinco ou seis minutos para chegar ó local onde se atopaba instalado o Belén que lembraba o Nacemento do Fillo de Deus. E alí entraron para poder admirar aquela maravilla que a técnica moderna e mailo traballo artesán conseguiron combinar de xeito tan harmónico.

Cando se atoparon xa dentro, a Pepe e a María asolagounos unha luz tan branca coma deslumbradora. Naquel intre sintíronse coma transportados a un maravilloso mundo descoñecido. Quedaron coma en éxtasis, gozando dunha felicidade tan indescritible coma a que deben de disfruta-los Querubíns coa presenza de Deus Noso Señor. A Divina Providencia estáballes facendo regalía dun pedaciño de gloria empírea. E sentíronse disfrutando dun Reino que debía de selo do Amor, no cal as súas almas gozaban con toda a intensidade.

Foi a voz de Gabriel a que lles fixo que se reintegraran á realidade do momento que vivían. Ana, deslumbrada e chea de ledicia, contaba con un fervente e exaltado entusiasmo a beleza daquela instalación, daquel Belén, e considerabao coma unha auténtica maravilla chea de inxenio, pero tamén chea dunha mensaxe de esperanza.

Voltos á cidade, e despois de despedirse, cada parella colleu o rumbo do seu fogar, e da rutina de tódolos días.

Pouco tempo despois, a Pepe ofrecéronlle un emprego nunha importante empresa adicada á exportación de material eléctrico. Ela, María, presentouse a unhas oposicións e sacou praza coma funcionaria na Administración de Xunta de Galicia.

Despois, o ceo regaloulles un fermosísimo bebé. Unha nena bonita, sorrinte e tan bela como

unha roseira en flor. A luz da felicidade entrou diáfana e brillante naqueles corazóns. Eles, cheos de felicidade, intentaban irradiar con ledo entusiasmo, en todo o seu fogar, a toda a súa familia, a tódolos seus amigos, a tódolos seus compañeiros de traballo. Querían compartir tanto ben recibido. Desexaban facer partícipes da súa felicidade a todos aqueles cos que se relacionaban.

A droga quedou enterrada nos recordos, dun penoso episodio que ocorreu na xuventude dun matrimonio namorado.

Feitos os trámites precisos, nos libros do Rexistro Civil daquela cidade e nos da parroquia católica á cal felizmente aínda pertencen, figura un nome de muller que simboliza dalgunha maneira a gratitude e a fe de quenes nunca lle negaron o corazón a Deus.

Ela, a nena, que veu traer a ventura e a felicidade a un fogar xoven e que chegou porque un Nacemento iluminou co seu resplandor as almas dun xoven matrimonio, está estudiando hoxendía o quinto curso de E.X.B. nunha das escolas públicas da cidade. E esta preciosidade de criatura, este regalo que Deus lles fixo a Pepe e a María, é coñecida polo fermosísimo nome de Belén de Begonte López Alegría.